

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE ABRIL DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada PO-329, entre os p.q. 0+000 e 0+160, a prol do Concello de Mos.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte con 58 federacións deportivas galegas, por importe de tres millóns trescentos corenta e cinco mil douscentos dezaseis euros con vinte céntimos (3.345.216,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu ámbito familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe total de cento noventa e nove mil seiscentos euros (199.600,00€).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, por un importe total de tres millóns doce mil cincocentos euros (3.012.500,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) no financiamento de Recursos de Información Científica en liña, por un importe total de un millón cento setenta e cinco mil setecentos quince euros (1.175.715€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para proporcionar ao persoal investigador do Sistema universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos dez mil euros (510.000€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas fronte a gripe estacional para a campaña 2017-2018.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa por un importe de cento setenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (173.353,44€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de COGAMI e das súas entidades. Importe: novecentos corenta e seis mil doce euros (946.012,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para o financiamento do programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación. Importe: setecentos vinte e tres mil seiscientos corenta e catro euros (723.644,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES), para o financiamento dos seus programas dirixidos a persoas con enfermidade mental, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da entidade. Importe: cincocentos oitenta e oito mil catrocentos trinta e catro euros (588.434,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA), para o financiamento de programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, en situación de dependencia e ás súas familias e do mantemento da federación. Importe: catrocentos corenta e seis mil oitocentos trinta e oito euros (446.838,00€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE), para o financiamento dos programas de atención ambulatoria, de rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da federación e das entidades federadas. Importe: douscentos once mil cincocentos once euros (211.511,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de FADEMGA Plena Inclusión Galicia. Importe: cento noventa e oito mil cincocentos setenta e un euros (198.571,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (AUTISMO GALICIA), para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas. Importe: cento cincuenta e cinco mil corenta e catro euros (155.044,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (FAGAL), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e mantemento da federación. Importe: oitenta e cinco mil euros (85.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (FEDERACIÓN ASPACE GALICIA), para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral mediante a formación e do mantemento da entidade. Importe: oitenta e cinco mil euros (85.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Paraplégicos e Grandes Minusválidos de Galicia (ASPAYM), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia e mantemento da entidade. Importe: corenta e dous mil novecentos noventa e dous euros (42.992,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (FEGEREC), para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e do mantemento da federación. Importe: vinte e dous mil douscentos euros (22.200,00€).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a sinatura do convenio de colaboración coa Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (SPECIAL OLYMPICS GALICIA) para o mantemento e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, ocio, formativas e de promoción do voluntariado durante o ano 2017. Importe: cento oitenta e nove mil novecentos corenta e seis euros (189.946,00€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias. Importe total de trescentos mil euros (300.000,00€)

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello Económico e Social do Anteproxecto de lei de Portos de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe ocupación hoteleira Semana Santa 2017

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre medidas para favorecer a implantación e fixación de empresas en Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe do Plan de reestruturación parcelaria 2017.

A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE MOS UN TREITO DA RÚA PROGRESO DESDE O SEU INICIO ATA O LÍMITE CO PORRIÑO

- ***A PO-329 presenta neste ámbito un tráfico principalmente urbano e local posto que o treito conta cunha alternativa viaria clara, a estrada PO-511 pertencente á rede primaria básica con mellor nivel de servizo***
- ***Este trámite facilitará o proxecto de acondicionamento do nó de Sanguiñeda entre a N-120 e a N-550***

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao Decreto polo que aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Mos do treito da rúa Progreso que vai desde o seu inicio na glorieta da Costilleta, baixo a autovía A-55, ata o límite co término municipal do Porriño. A estrada PO-329 presenta nesta zona un tráfico principalmente urbano e local posto que o treito conta cunha alternativa viaria clara, a estrada PO-511 pertencente á rede primaria básica con mellor nivel de servizo.

O Concello de Mos prevé adoptar medidas de humanización e de mellora da accesibilidade dos peóns no nó de Sanguiñeda, de comunicación entre a A-55 e as estradas N-120 (glorieta da Costilleta, baixo a A-55) e a N-550 (glorieta das Angustias), polo que solicitou a transferencia da titularidade deste treito da rúa Progreso. A Axencia Galega de Infraestruturas formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do treito da estrada PO-329, situado entre os puntos quilométricos 0 + 000 e 0 + 160, a prol do concello de Mos.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

Deste xeito, o Concello de Mos poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características urbanas, e nela xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como, por exemplo, as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, ao tempo que se reducirán as cargas administrativas sobre os cidadáns dos núcleos polos que discorre.

O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberán ser aprobados por decreto do Executivo autonómico, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O procedemento establecido nesta Lei permitiu axilizar este tipo de expedientes, que son beneficiosos para a Administración da Xunta ao non ter que explotar unha vía que deixou de ter funcionalidade como percorrido interurbano e para o concello, xa que

libera os cidadáns das cargas administrativas que supón a súa consideración como estrada de titularidade do Goberno galego.



A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes ao da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DE 58 CONVENIOS ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E AS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS PARA A REALIZACIÓN DOS PROGRAMAS DEPORTIVOS DE 2017

- ***Os 58 convenios terán un importe total de 3.345.216,20 euros co fin de realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e cometidos que, conforme a Lei, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade***
- ***Para as transferencias ás 59 federacións deportivas galegas, a Secretaría Xeral dispón dun orzamento de 3.606.474 euros, o que supón un incremento do 5,12% euros sobre o destinado en 2016 (3.430.734 euros)***

O Consello da Xunta vén de dar luz verde aos convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asina con 58 federacións deportivas galegas por importe de 3.345.216,20 euros. A sinatura destes acordos posibilitará o acceso dos cidadáns á práctica da actividade deportiva federada levada a cabo polas federacións deportivas como axentes colaboradores para a promoción e desenvolvemento das súas respectivas modalidades deportivas para o exercicio 2017. O obxecto dos convenios é regular a colaboración entre as partes asinantes co fin de realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e cometidos que, conforme a lei, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade.

Os 3.345.216,20 euros distribúense tendo en conta criterios obxectivos de cada federación como as liñas de gastos xerais de funcionamento, campionatos galegos, tecnificación, rendemento, alto rendemento, Toquio 2020, fomento do deporte feminino, fomento e integración de deportistas con discapacidade, fomento do deporte en maiores de 40 anos, proxectos de especial relevancia (PER) e outras actividades de promoción e fomento da modalidade con especial interese nas actividades en idade escolar (onde se inclúen as arbitaxes do Xogade).

As federacións deportivas galegas asinantes serán as de actividades subacuáticas, aeronáutica, atletismo, automobilismo, bádminton, baloncesto, balonmán, béisbol e sóftbol, billar, bolos, boxeo, caza, chave, ciclismo, colombofilia, columbicultura, deporte adaptado, deporte de inverno, esgrima, espeleoloxía, esquí náutico, fútbol, fútbol sala, golf, halterofilia, hípica, judo e deportes asociados, karate e deportes asociados, kickboxinbg, kung-fu, loita e deportes asociados, montañismo, motociclismo, motonáutica, natación, orientación, pádel, patinaxe, pelota, pesca e casting, petanca, piragüismo, remo, rugby, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, tenis de mesa, tiro ao voo, tiro con arco, tiro olímpico, triatlón e péntatlon moderno, vela, voleibol, xadrez e ximnasia.

A sinatura destes convenios inclúese no capítulo IV dos Orzamentos da Secretaría Xeral para o Deporte -destinado aos pagamentos á Universidade da Coruña para INEF Galicia, á Fundación Deporte Galego e as partidas destinadas ás transferencias correntes a entidades e federacións deportivas-. Este capítulo conta cun orzamento de 10.531.627 euros tras acadar un aumento orzamentario de 312.812 euros neste mesmo ano. No caso das transferencias correntes a entidades e federacións deportivas a Secretaría Xeral para o Deporte conta cun orzamento de 5.768.286 euros tras rexistrar un incremento de máis do 5% (5,25%) con respecto ao consignado en 2016 (5.480.734 euros). Ademais, para as transferencias ás 59 federacións deportivas galegas, a Secretaría Xeral dispón dun orzamento de 3.606.474 euros, o que supón un incremento do 5,12% euros sobre o destinado en 2016 (3.430.734 euros).

A XUNTA DESTINA PRETO DE 200.000 EUROS PARA RENOVAR A COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS NA ATENCIÓN ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

- *Este ano, o importe do convenio acada preto dos 200.000 euros, o que supón un incremento do 30 por cento respecto á dotación inicial do ano pasado, que a finais de ano foi aumentada con 45.000 euros máis*
- *Dende o ano 2009, máis de 2.589 mulleres, 924 menores, 136 persoas dependentes e 579 homes foron beneficiarios destes programas*
- *Tamén se ofrece atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar a través do programa "Abramos o Círculo" con atención psicolóxica especializada e de apoio*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, as súas fillas e fillos menores, e a outras persoas do seu ámbito familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. O convenio tamén recolle un programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Dende o ano 2009, un total de 3.649 persoas foron beneficiadas polo programa de atención psicolóxica, das cales foron 2.589 mulleres, 924 menores e 136 persoas dependentes. E grazas ao Programa Abramos o Círculo, foron atendidos 579 homes con problemas de control da violencia.

Ambos programas contan cunha persoa profesional da psicoloxía que os coordina, e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional que comprenden asistencias e consultas ás persoas beneficiarias, asistencia oral en xuízo por parte das psicólogas e psicólogos do programa. E dende o ano 2014, inclúese en ambos programas a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Inclúese ademais no convenio, a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte ou agresións especialmente graves por causa de violencia de xénero, sempre que sexa preciso, e en coordinación co grupo GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias), así como a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias. Desde o ano 2014, en que se incluíu no convenio a dita cobertura urxente en caso de morte/asasinato por violencia de xénero, en coordinación co grupo GIPCE, e ata o 31 de decembro, o servizo activouse en 14 ocasións.

Así mesmo, en relación co GIPCE, cómpre sinalar que o convenio co Colexio de Psicoloxía para dar unha resposta psicolóxica en emerxencias e catástrofes, ten previsto un importe para o 2017 de 50.000 euros, o que supón un incremento do 127 por cento con respecto ao ano anterior.

Atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero

O programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero é para as e os menores e outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, iniciouse no ano 2004 e está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

O programa conta cunha psicóloga coordinadora e unha rede de profesionais que levan a cabo a súa intervención en toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, préstase un servizo telefónico de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada.

Abramos o círculo

Desde o ano 2001, a Xunta de Galicia colabora co Colexio no programa "Abramos o Círculo", dirixido a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, mediante un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: información e atención, e intervención psicolóxica personalizada. Conta cun/cunha psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional e inclúe a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

A XUNTA INCREMENTA ATA OS 3 MILLÓNS DE EUROS A ORDE DE AXUDAS PARA FINANCIAR PROXECTOS DE COOPERACIÓN NO EXTERIOR

- *Esta convocatoria de subvencións ten como obxectivo financiar proxectos promovidos por ONGD e por outros axentes de cooperación*
- *Este ano, ademais de aumentar nun 26% o orzamento total das axudas, tamén se incrementa o importe máximo das subvencións concedidas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de subvencións destinadas a proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos por ONGD e por outros axentes de cooperación. A orde, que regula as axudas para 2017 e 2018, está dotada cun orzamento global de algo máis de 3 millóns de euros, un 26% máis que na convocatoria anterior.

As axudas distribuiranse do seguinte xeito: destinaranse 2,6 millóns de euros ás ONGD; e 375.000 euros a outros axentes de cooperación, como universidades, empresas, sindicatos, fundacións ou comunidades galegas.

Unha das principais novidades deste ano é o incremento do importe máximo da subvención concedida ata 175.000 euros -frente aos 150.000 da convocatoria anterior- para proxectos plurianuais presentados por unha entidade de xeito individual; e ata 225.000 euros para aqueles presentados por unha agrupación de entidades, que ata agora recibían 200.000 euros como máximo.

En canto aos criterios de financiamento, manteranse os da convocatoria anterior. Así, no caso das ONGD, poderanse subvencionar como máximo dous proxectos, ben sexan individuais ou en agrupación, sempre que polo menos un deles sexa executado nun país definido como prioritario no III Plan director da cooperación galega (Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique e Cabo Verde). Ademais, o importe máximo da axuda concedida a cada ONGD non deberá ser superior ao 10% da dotación da convocatoria para estas entidades. No caso doutros axentes de cooperación, estes só poderán presentar un proxecto, ben sexa individual ou en agrupación.

Estas axudas enmárcanse no III Plan director da cooperación galega 2014-2017, así como no Plan anual para 2017. Deste xeito, a convocatoria artículase ao redor dos obxectivos marcados no III Plan Director: a aposta por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación; a promoción dunha cooperación máis selectiva, de maior impacto, e concentrada xeográfica e sectorialmente; e unha acción exterior orientada á posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia, cooperando naqueles sectores nos que a comunidade pode ofrecer coñecementos específicos, como a

pesca, ou con países de fala lusófona ou latinoamericanos onde existe unha cultura de cooperación dos axentes galegos.

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CON BUGALICIA E O CESGA PARA DAR ACCESO AOS INVESTIGADORES UNIVERSITARIOS AOS RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA

- *O Goberno autonómico destina case 1,7 millóns de euros a este fin*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación dos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) e o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga). O obxectivo destes acordos, cun investimento total da Xunta de preto de 1,7 millóns de euros, é dar aos investigadores do Sistema Universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de información científica e tecnolóxica fundamentais para acadar a excelencia no eido da I+D+i.

A estabilización por cuarto ano consecutivo do orzamento destinado a estes convenios dá conta do compromiso do Goberno galego coa permanencia dos recursos humanos máis valiosos no SUG, favorecendo, a través da dotación de recursos, a captación do talento no noso sistema universitario. Non en balde, estes acordos enmárcanse no Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, no punto do financiamento por resultados, no subfondo de fomento da I+D+i.

Información científica en liña

O convenio con Bugalicia, ao que se destinan 1.175.715 euros, ten como obxectivo poñer á disposición de grupos de investigación e alumnado recursos de información científica en liña -tales como bases de datos, revistas electrónicas, e-books, xestores bibliográficos ou ferramentas de xestión-, que son básicos para realizar os traballos docentes e de investigación. Este acceso artéllase a través do Consorcio, que naceu co obxectivo fundamental de apoiar a calidade dos servizos bibliotecarios das tres universidades a través da cooperación interbibliotecataria no referido á adquisición e xestión dos recursos electrónicos de información científica, á aplicación de novas tecnoloxías da información adaptadas aos servizos bibliotecarios ou ás conexións a redes nacionais e internacionais, entre outros.

A maiores deste convenio, cómpre lembrar que a Xunta tamén financia as subscricións de cada institución ás publicacións electrónicas a través das axudas á consolidación de grupos de investigación.

Emprego de tecnoloxía punteira

No caso do convenio co Cesga, dotado con 510.000 euros, ten como finalidade dar acceso aos investigadores ao uso de recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación. Facilitando o acceso a esta tecnoloxía punteira, o persoal

científico dos grupos e centros investigadores do SUG poderá realizar cálculos de altas prestacións ou almacenar datos e comunicacións de banda larga; fundamentais para o procesamento de datos en curto espazo de tempo que esixe a I+D+i no mundo actual.

O obxectivo final é axudar ás universidades a incrementar a súa capacidade competitiva a través da innovación, poñendo á súa disposición un centro de cálculo intensivo que permitirá a aplicación de novas solucións tecnolóxicas á investigación.

SANIDADE INVISTE PRETO DE DOUS MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA DE VACINAS PARA A CAMPAÑA DA GRIPE

- *A Consellería adhírese de novo ao acordo marco proposto polo Ministerio para consolidar prezos e asegurar un mantemento da subministración*
- *Comprende a compra de dous lotes cun total de 560.000 doses, 30.000 máis que para a campaña anterior*

O Consello da Xunta acaba de autorizar a adhesión ao acordo marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a compra centralizada de vacinas contra a gripe, para o que a Consellería de Sanidade destinará un importe estimado de 1.999.400 euros.

Neste ano 2017 a Xunta de Galicia decidiu volver adherirse ao acordo marco proposto polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a compra centralizada de subministradores de vacinas fronte á gripe estacional, co obxectivo de manter os custos para a adquisición das mencionadas vacinas.

Para a realización da campaña de vacinación antigripal 2017, en Galicia adquiriranse 560.000 doses, isto é, 30.000 doses máis que para a pasada campaña. A adquisición realízase dividida en dous lotes, un de 310.000 doses de vacinas inactivadas que conteñan polo menos tres cepas de virus da gripe; e un segundo lote de 250.000 doses doutro tipo de vacinas destinadas a persoas maiores de 75 anos, debido a que estas vacinas teñen unha maior inmunoxenicidade xerando unha resposta inmune máis potente neste grupo de persoas cun maior risco de complicacións.

Dende o ano 2012, a Consellería de Sanidade participa deste acordo marco, que busca consolidar a mellora nos prezos de compra das vacinas antigripais e asegurar un mantemento da subministración continua das doses de vacina antigripal a todo o sistema sanitario galego durante o período da campaña, de mediados de outubro a finais de decembro

Nunha primeira fase do acordo, o Ministerio regula a fixación dos prezos máximos e establece as bases que rexerán os contratos derivados en cada comunidade autónoma. Unha vez rematada esta primeira fase, procederase á execución do contrato derivado do acordo marco nesta comunidade autónoma coa petición de ofertas ás empresas seleccionadas en primeira fase polo ministerio para cada un dos lotes.

Minimizar o impacto da doenza

O número de doses da vacina antigripal administradas á poboación ascendeu en 2016 na última campaña da Xunta de Galicia a 514.907, o que supón 29.314 doses máis que na campaña anterior, é dicir, un 6 % máis, consolidando así a tendencia dos

últimos anos. Por grupos, 370.540 destas vacinas corresponderon a persoas de 65 ou máis anos; 38.832 administráronse a persoas de 60 a 64 anos; e 105.535 foron para persoas de menos de 60 anos.

O número de persoas de 65 ou máis anos vacinadas aumentou en preto dun 4%, mantendo a súa tendencia ascendente dende o ano 2013. Se se analiza por subgrupos de idade acadáronse coberturas máis elevadas nas persoas de 75 ou máis anos, achegándose ao obxectivo (do 65%) e incluso superándoo nas provincias de Lugo e Ourense. Pola súa banda, nas persoas de 60 a 64 anos a cifra de vacinados foi arredor dun 10% superior á do ano pasado.

No que atinxe aos profesionais sanitarios, este foi o grupo onde máis melloraron os resultados, cunha cobertura do 33,45%, moi preto do obxectivo marcado para este sector (do 35%). No eido da atención primaria, vacináronse 2.432 persoas, o que supón un incremento do 25,24% con respecto á temporada anterior. En atención hospitalaria o aumento foi aínda maior, xa que se vacinaron 4.087 persoas, un 52% máis que na última campaña.

A XUNTA DE GALICIA REFORZA A AXUDA AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA A TRAVÉS DUN CONVENIO CON ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

- *Trátase dunha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo, temporalmente, dos nenos e as nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas*
- *A Administración autonómica incrementa a achega económica para este fin nun 14% con respecto ao ano pasado*
- *En 2017 refórzase o programa cun novo equipo en Santiago de Compostela, o que permitirá atender un maior número de casos*
- *O programa proporciona unha atención especializada adaptada ás necesidades das persoas acollidas, das persoas acolledoras e dos proxenitores, por medio de actuacións de asesoramento e orientación*
- *Vai destinado a todos os menores de entre 0 e 17 anos en situación de risco ou desamparo, nos que a medida máis efectiva sexa o acollemento familiar*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a posta en marcha dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución do "Programa de apoio ao acollemento en familia extensa", mediante o cal se facilita apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia. Trátase dunha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo, temporalmente, dos nenos e as nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. Deste xeito, garántese o mantemento dos menores no seu ámbito emocional e social, favorecendo a posible integración coa súa familia de orixe.

Este programa proporciona unha atención especializada adaptada ás necesidades das persoas acollidas, das persoas acolledoras e dos proxenitores, por medio de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado dos menores, intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares e apoio educativo ás familias a través de sesións formativas.

A Xunta de Galicia detectou a necesidade de reforzar a atención ás familias extensas que acollen a un menor que precisan apoios, recursos e intervencións na súa función de proporcionar seguridade, afianzar o benestar, encher as necesidades que poidan xurdir e manexar os contactos e a vinculación cos proxenitores. A través deste convenio apóstase pola primacía deste tipo de acollemento e poténciase o apoio ás familias que requiren de formación e acompañamento para desenvolver con éxito unha labor fundamental na protección dos menores do seu ámbito familiar.

Este programa está estruturado en dous servizos que responden ás necesidades do/a menor. Un deles é o servizo de apoio especializado que proporciona atención especializada ás necesidades dos/as acollidos/as, das familias acolledoras e dos proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicosocioeducativa e actuacións de mediación nas relacións familiares. Así mesmo, o programa recolla un outro servizo neste caso de formación que achega a información e os coñecementos necesarios sobre o proceso de acollemento, dota as familias das ferramentas necesarias para conformar un novo sistema de relacións sólido e estable, baseado nas fortalezas e puntos fortes de cada un dos seus participantes, que permite cubrir as necesidades materiais, afectivas e asistenciais dos/as menores acollidos/as.

O programa beneficia todos os menores de entre 0 e 17 anos en situación de risco ou desamparo, nos que a medida máis efectiva sexa o acollemento familiar.

O orzamento total desta acción ascende a 328.358,55 euros, dos que a Consellería de Política Social achega para o ano 2017 173.353,44 euros –o que supón un incremento do 14,2% con respecto ao 2016- e Aldeas Infantiles SOS de Galicia achega 155.005,11 euros. O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio no período de xaneiro a decembro de 2016 será de 100 no servizo de intervención educativa. O convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante, abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen por parte de Aldeas Infantiles SOS Galicia desde o 1 de xaneiro de 2017.

Cómpre destacar que grazas a este convenio, neste ano o programa refórzase cun equipo máis en Santiago de Compostela, que se suma ás sedes da Coruña e de Vigo e que permitirá atender un maior número de casos.

Desde o ano 2010, Aldeas Infantiles desenvolvía un programa de apoio a familias acolledoras extensas na provincia de Pontevedra. En 2013, a Xunta de Galicia asinou un convenio de colaboración con esta entidade para o financiamento deste programa por un importe de 30.000 euros. O éxito da intervención realizada fixo conveniente a súa ampliación a toda a comunidade autónoma incrementando incrementando entre o 2013 e o 2017 o orzamento destinado a esta actuación nun 477,8%. Os datos obtidos nestes anos de traballo reflicten a utilidade que reporta o programa en canto á diminución do estrés familiar e a súa clara repercusión no benestar do menor.

De acordo coa filosofía do sistema de protección á infancia, a nosa comunidade autónoma mantén unha maioría de medidas encadradas no eido familiar, de tal xeito que do total de menores tutelados e en garda da Xunta de Galicia, o 61% atópase en acollemento familiar. A maior abundamento, o recurso de acollemento en familia extensa representa o 87% dos acollementos familiares, sendo como xa se explicou na

maioría dos casos o recurso máis idóneo na medida que mantén aos menores no seu contorno socioeducativo e emocional.

Cómpre destacar que a Consellería de Política Social está ultimando a elaboración da Estratexia galega para a infancia e a adolescencia 2017-2020, que inclúe un obxectivo operativo específico destinado a mellorar os programas de acollemento para os e as menores de idade que precisen de alternativas convivenciais, priorizando, especialmente para os grupos de idade de 0 a 6 anos, o acollemento familiar fronte ao residencial, e garantir no caso deste último a súa adecuación ás necesidades do neno, nena ou adolescente, a través da especialización, diversificación e calidade da atención.

A XUNTA MANTÉN A COLABORACIÓN COA ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE A TRAVÉS DE 13 CONVENIOS QUE BENEFICIARÁN A 100.000 PERSOAS

- *A Consellería de Política Social destinará preto de 4 millóns de euros a estes acordos de colaboración*
- *Os convenios nominativos serán subscritos con Autismo Galicia, COGAMI, Down Galicia, FAXPG, FEAFES- Galicia, FEGADACE, FADEMGA Plena Inclusión Galicia, ASPACE Galicia, FAGAL, FEGEREC e ASPAYM*
- *Así mesmo, o Consello da Xunta tamén acordou asinar outros dous convenios de colaboración con Special Olympics Galicia e a Asociación Galega de Atención Temperá*

A Xunta de Galicia aprobou hoxe os convenios de colaboración nominativos para o mantemento de entidades de discapacidade que conforman CERMI- Galicia e tamén para outras dúas entidades que non forman parte deste comité. Deste xeito, a Consellería de Política Social destinará un total de 3.505.246 euros a financiar 11 federacións que traballan no eido da discapacidade, e 489.946 euros para o financiamento da Asociación Special Olympics e da Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT). As contías dos convenios repercutirán de xeito directo en 100.000 persoas que se beneficiarán dos programas e actividades que desenvolvan as entidades.

O orzamento total se distribuirase entre once federacións que aglutinan 150 asociacións. Estas son Autismo Galicia, que recibirá 155.044 €; COGAMI obterá 946.012 €; en virtude deste convenio Down Galicia recibirá 446.838 €; a achega da Administración autonómica para FAXPG ascenderá a 723.644 €; FEAFES- Galicia obterá 588.434 €; FEGADACE recibirá 211.511€; a axuda destinada a FADEMGA Plena Inclusión Galicia ascenderá 198.571 € e tanto ASPACE como FAGAL recibirán 85.000. As dúas entidades non adscritas ao CERMI, ASPAYM e FEGEREC recibirán 42.992 € e 22.200 € respectivamente.

Con este investimento, mantense o compromiso adquirido pola Xunta de Galicia en canto á blindaxe do financiamento destinado ao mantemento das entidades de discapacidade, xa que son unha peza fundamental de cara a asesorar, representar, axudar e fomentar a inclusión social das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

Cómpre destacar que este acordo tamén repercute na totalidade do colectivo de persoas con discapacidade en Galicia, que representa ao redor do 8% da poboación (máis de 227.000 persoas). Coa intención de chegar a todo o colectivo, estes convenios de colaboración están destinados a federacións que teñen un eido de atención específico para a súa área de discapacidade e, polo tanto, desenvolven

actividades distintas con persoas xordas, con síndrome de Down, con parálise cerebral ou Alzhéimer entre outras discapacidades.

Por outra banda, tamén se aprobou a sinatura doutros dous convenios de colaboración, un deles coa Asociación Special Olympics Galicia para o mantemento e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, ocio, formativas e de promoción do voluntariado e polo que a Administración autonómica achegará 189.946 euros. O outro convenio subscribírase coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento, por un importe de 300.000 euros.

Aposta da Xunta de Galicia pola atención á discapacidade

Desde a Consellería de Política Social, continúaase a apoiar as medidas necesarias para acadar o obxectivo da inclusión social, efectiva e real, das persoas con discapacidade a través da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.

Actualmente, en Galicia hai máis de 5.000 prazas públicas en centros de día, centros residenciais e centros ocupacionais para persoas con discapacidade, estando previsto un incremento a través do aumento que experimentou o orzamento da Consellería nesta área, que pasa de 50 millóns de euros en 2016 a 54 millóns en 2017.

Así mesmo, neste ano, tamén se continuará coas liñas de subvencións como as destinadas á adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, así como para a adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal. Tamén está prevista a convocatoria da liña de axudas, dirixidas a entidades do ámbito da discapacidade, para o desenvolvemento de accións de asesoramento e formación de persoas con discapacidade cun orzamento que supera o millón de euros. Ademais, está previsto continuar coa convocatoria de axudas destinadas aos concellos de Galicia para a promoción da accesibilidade.

En 2017 incrementouse por cuarto ano consecutivo o orzamento para a discapacidade, alcanzando a cifra de 95,2 millóns de euros, o que supón un incremento superior ao 2% con respecto ao ano 2016.

A FUTURA LEI DE PORTOS SERÁ A PRIMEIRA DE CARÁCTER AUTONÓMICO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS 122 PEIRAS DEPENDENTES DA XUNTA

- ***Mellorará a oferta de servizos portuarios e a tramitación administrativa***
- ***Mar solicita ao CES informe previo á tramitación parlamentaria da nova norma***
- ***O anteproxecto de lei recolle as achegas e liñas directrices acordadas cos representantes de diferentes administracións e entidades e de todos os ámbitos da comunidade portuaria***

A Consellería do Mar está a ultimar a tramitación da Lei de portos, a primeira de carácter autonómico para a xestión e explotación dos 122 peiros dependentes da Xunta de Galicia. Nesta fase administrativa, o Consello da Xunta autorizou esta mañá ao departamento que dirixe Rosa Quintana a solicitude ao Consello Económico e Social do informe técnico relativo ao texto do anteproxecto da Lei, con carácter previo á súa tramitación parlamentaria.

A Consellería do Mar realizará esta consulta toda vez que nas semanas pasadas o texto foi presentado ao Consello Galego de Pesca para lograr o apoio do sector. De cara aos vindeiros meses, unha vez recibido o informe do CES a Consellería do Mar presentará ao Consello da Xunta o proxecto de lei e unha vez aprobado, o texto pasará a trámite parlamentario para a súa aprobación definitiva.

A futura normativa mellorará a oferta de servizos portuarios e a tramitación administrativa en todo o relativo ao peiros que xestiona Portos de Galicia. O articulado do texto fai referencia á regulamentación de todas as actividades que conviven nos peiros galegos: profesional, náutico-recreativa, comercial e de recreo ou complementarios vinculados ao litoral.

Co obxectivo de establecer un marco regulador organizativo e de colaboración que abranca todas estas actividades a modo de infraestrutura portuaria en rede, a lei recollerá aspectos relativos á accesibilidade e adaptación constante das infraestruturas e servizos, a relación dos portos coa vila e a intermodalidade entre vías de transporte, entre outros.

Entre os principais puntos do seu contido destaca tamén a promoción da competitividade e reactivación da actividade económica e a apertura progresiva dos servizos portuarios a investidores. Entre o reforzo das garantías de cara aos investidores, recóllese a ampliación do prazo das concesións, de 30 a 50 anos, e a transparencia no procedemento de concesión dos servizos recuperando o trámite de competencia.

Polo que respecta á ordenación do solo portuario, recóllese a creación de plans especiais que recollen a planificación específica de cada peirao e a zonificación das actividades que se desenvolven nel. Ademais, impulsarase a coordinación áxil cos concellos para dotar os portos dos instrumentos necesarios de planificación e ordenamento. Recóllese, así mesmo, a figura dos plans directores de infraestruturas que planificarán a dotación de obras necesarias en cada caso nun horizonte temporal mínimo de 5 anos.

Normativa en consenso

Cómpre lembrar que o anteproxecto de lei recolle as achegas e liñas directrices acordadas cos representantes de diferentes administracións e entidades e de todos os ámbitos da comunidade portuaria. De feito, o borrador inicial partiu dunha xornada de análise e debate organizada pola Consellería do Mar que contou con máis dun centenar de participantes.

Durante a súa tramitación, no trámite de audiencia, o texto foi exposto na páxina web da Consellería do Mar e no Consello Galego de Pesca, así como trasladado a preto de medio centenar de institucións e entidades entre cámaras de Comercio, administracións públicas, federacións profesionais, colectivos do sector marítimo, empresas e sindicatos. Logo de coñecer o texto, presentáronse alegacións procedentes de 16 entidades, na súa maioría de departamentos da Administración, pero tamén de colectivos portuarios e empresariais sindicatos e asociacións. Todas as alegacións foron respondidas modificando o texto definitivo nos casos nos que as achegas resultaron aprobadas polos técnicos xurídicos de Portos de Galicia.

GALICIA ACADOU A CIFRA RÉCORD DO 92% DE OCUPACIÓN DURANTE OS DÍAS FESTIVOS DESTA SEMANA SANTA

- *Destinos como O Grove, Lugo, a Mariña Lucense, Cambados e a Ribeira Sacra superaron o 95% de ocupación*
- *Ademais, nesta Semana Santa as tarifas tamén rexistraron un importante incremento o cal outorga máis valor as cifras de ocupación acadadas.*
- *O Camiño de Santiago acadou cifras históricas nestas datas ao alcanzar máis de 10.000 peregrinos que selaron a Compostela*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre as cifras de ocupación rexistradas nos establecementos hoteleiros de Galicia durante esta Semana Santa.

Segundo reflicte unha sondaxe realizada polo Clúster de Turismo de Galicia entre os seus asociados, a nosa comunidade acadou unha ocupación do 76% para o período comprendido entre o 10 e o 16 de abril –luns a domingo- porcentaxe que se eleva ata o 92% dende o Xoves Santo ata o Domingo de Pascua.

Segundo o informe, algúns destino galegos rexistraron nos días festivos da Semana Santa ocupacións superiores ao 90%, como é o caso do Grove -98%-, Lugo -96% e Cambados -93%-.

Pola súa parte, poboacións como Sanxenxo, Santiago de Compostela e a Ribeira Sacra acadaron unha ocupación do 86% e 89%, respectivamente.

A sondaxe sinala, ademais, no tocante aos prezos, que as tarifas se incrementaron o cal outorga máis valor ao incremento da ocupación.

Asociacións Empresariais

Turismo de Galicia recadou, así mesmo, os datos das diferentes asociacións empresariais do sector e xeodestinos galegos.

Segundos a información facilitada pola Asociación de Hostelería Compostela, na capital galega, durante os festivos desta pasada Semana Santa, a ocupación en hoteis foi do 89% e do 88% no caso das pensións. Na cidade da Coruña, a Asociación de Hostelería cifra a ocupación nun 86%.

Na provincia de Lugo, a Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo sinala que se acadou un 96% de ocupación hoteleira durante o xoves, venres e sábado Santo, cifra que supera nun 10% o dato acadado no mesmo período do pasado ano. A Mariña Lucense foi a zona da provincia con máis visitantes permanecendo completos os seus establecementos durante todos os días. Así mesmo, destacan os incrementos

rexistrados na Ribeira Sacra e na Terra Chá onde se ampliou a ocupación con respecto ao 2016, un 10% en ambos destinos.

Na provincia de Pontevedra, a Asociación de Hostelería de Vigo sinala que as porcentaxes de ocupación estiveron no 85% en Vigo e en Baiona e chegaron ao 95% na cidade de Pontevedra.

En canto a Sanxenxo, un dos destinos turísticos de Galicia por excelencia, segundo os datos recadados polo Consorcio de Empresarios de Turismo (CETS), o municipio acadou unha ocupación xeral do 85,5% o que supón unha cifra histórica no destino. As cifras revelan que esta Semana Santa pernoitaron en Sanxenxo un total de 22.254 turistas, dos cales 15.357 o fixeron entre o xoves e o sábado.

Pola súa parte, a comarca do Salnés, segundo a información facilitada polo xeodestino, logrou uns excelentes resultados con ocupacións que acadaron o Xoves Santo e Venres Santo o 100% en municipios como Cambados e O Grove.

Así mesmo, o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra asegura que superáronse todas as previsións acadándose rexistros históricos cun crecemento do 22% en relación ao pasado ano. Deste xeito, nos días festivos a Ribeira Sacra rexistrou un 89% da ocupación, acadando no caso dos hotéis e o turismo rural o 98% e 100%, respectivamente.

Na provincia de Ourense, a Federación de Hostelería sinala que a porcentaxe de ocupación nesta provincia quedou por riba do 75%, sendo valorado polo sector como moi positivo. No que se refire á cidade de Ourense, o departamento de Turismo desta cidade cifra nun 98% a súa porcentaxe de ocupación.

Camiño de Santiago

No que se refire ao Camiño de Santiago, este ano rexistráronse tamén cifras históricas. Entre o luns e o domingo chegaron a Compostela máis de 10.000 peregrinos, fronte aos 6.023 que o fixeran durante a Semana Santa do ano pasado.

De todos eles, o 56,83% foron peregrinos de nacionalidade española e, foi Portugal o país de onde viñeron máis peregrinos estranxeiros, seguido por Alemaña, Irlanda, Estados Unidos e Italia.

O itinerario con maior número de peregrinos foi o Camiño Francés, que supuxo o 60,23%, seguido polo Camiño Portugués, o Camiño Inglés e o Camiño Primitivo.

A XUNTA REFORZA A COLABORACIÓN COS CONCELLOS GALEGOS PARA IMPULSAR NOVOS INVESTIMENTOS EMPRESARIAIS

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria promove un convenio que será hoxe proposto á Fegamp no marco da Comisión Galega de Cooperación Local***
- ***Os municipios que se sumen contarán co distintivo ‘Concello Doing Business en Galicia’ e terán prioridade en diferentes convocatorias de axudas***
- ***Deberán comprometerse a impulsar incentivos para facilitar a adquisición do solo empresarial de titularidade municipal, a simplificar os trámites administrativos e a reducir os impostos e taxas ás empresas***
- ***A iniciativa forma parte do Plan de captación de investimentos activado polo Goberno autonómico, que prevé tamén a nova Lei de implantación empresarial para a que xa se están a recoller propostas a través dunha plataforma cidadá***
- ***Con todas estas actuacións búscase poñer en valor a capacidade industrial, loxística e xeoestratéxica da comunidade***

A Xunta reforzará a colaboración cos concellos para continuar impulsando novos investimentos empresarias a través dun convenio coa Federación Galega de Municipios e Provinciais (Fegamp) que será hoxe proposto no marco da Comisión Galega de Cooperación Local. A iniciativa enmárcase no novo Plan de captación de investimentos promovido pola Xunta, que busca facilitar a chegada de novas empresas e de capital e a incorporación de novos sectores que contribúan ao fortalecemento e á mellora da competitividade do tecido empresarial afincado na comunidade galega.

Os concellos que se adhiran ao convenio promovido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, que busca impulsar a interlocución entre as administracións, poderán contar co distintivo *Concello Doing Business en Galicia* e beneficiarse de medidas desenvolvidas pola Xunta, como, por exemplo, ter prioridade en diferentes ordes de axudas (parques empresariais, viveiros industriais e plans de eficiencia enerxética). Deste xeito, a Xunta busca consolidar a realización de actuacións de maneira coordinada e conxunta coas administracións locais para establecer unha política de captación de investimentos única para Galicia.

Ao mesmo tempo, permitiralles ofrecer aos investidores servizos integrais e coordinados, entre eles, información, asesoramento e contacto con provedores. Pola súa banda, os municipios deberán comprometerse a impulsar incentivos para facilitar a adquisición do solo empresarial de titularidade municipal, a favorecer a simplificación dos trámites administrativos e a reducir os impostos e taxas ás empresas.

A Xunta avanza así no Plan de captación de investimentos, que recolle tamén entre as súas medidas, a Lei de implantación empresarial, orientada a facilitar a chegada de actividade industrial con iniciativas como a simplificación administrativa para a

implantación do proxecto; axudas e apoios a actividades empresariais; e medidas específicas de dinamización de áreas empresariais. A través dunha plataforma cidadá activada na súa web, a Consellería de Economía, Emprego e Industria xa está a recoller propostas para esta norma entre empresas, autónomos e particulares.

Este conxunto de medidas afonda, por un lado, na captación e retención de investimentos e, polo tanto, na creación de emprego estable e de calidade, poñendo en valor as capacidades coas que xa conta a comunidade en materia industrial, de posición xeoestratéxica e loxística; e reforzando os atractivos existentes en canto a solo, cun programa de bonificación que ten permitido xa a adxudicación de preto de 780.000 m² de solo empresarial; incentivos para novos proxectos; fiscalidade e facilidades administrativas. E por outra banda, reorienta a política neste eido para desenvolver unha acción coordinada e conxunta a nivel administrativo na que a Xunta conte coa colaboración do resto de administracións con competencias, entre as que se encontran o Estado e os concellos.

A estratexia, entre outras medidas, impulsa a ampliación da Oficina *Doing Business*, unha plataforma pública en liña que xa se puxo en marcha o ano pasado e que se constitúe como unha canle directa con cidadáns e empresas para suprimir barreiras administrativas e impulsar novos proxectos. A Xunta segue así a promover esta oficina para axilizar a interlocución cos investidores e entre os diferentes departamentos da Xunta a través dunha xanela única.

A XUNTA IMPULSA A REESTRUTURACIÓN PARCELARIA CUN INVESTIMENTO DE 26,9 M € EN 2017 PARA A TOTALIDADE DOS PROCESOS ABERTOS EN GALICIA

- *O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao informe da Consellería do Medio Rural sobre as actuacións que se van levar a cabo ao longo deste ano no marco do Plan de mellora da estrutura territorial agraria*
- *Vaise traballar nos 130 procesos abertos a día de hoxe, que afectan 116.170 hectáreas*
- *Así mesmo, está previsto decretar outras 31 novas zonas de reestruturación parcelaria co fin de seguir potenciando o medio rural, en xeral, e o sector agrario, en particular*

A Xunta mantén a súa clara aposta polo sector agrario cun investimento para este 2017, de 26,9 millóns de euros, para seguir avanzando nos 130 procesos de reestruturación abertos a día de hoxe no noso territorio. Así o recolle o informe da Consellería do Medio Rural, que foi avaliado este xoves no Consello da Xunta co fin de dar conta das actuacións que se van levar a cabo neste exercicio respecto da reorganización do territorio en Galicia.

Con estas cifras, increméntase nun 21,87% o orzamento para esta finalidade con respecto ao exercicio anterior. Unha suba que é aínda máis destacada se a comparamos coa media dos últimos 4 anos, onde neste caso o crecemento é dun 122,48%.

Así, no presente ano vaise traballar en 116.170 hectáreas, onde o 43,84% pertence á provincia da Coruña, seguida da de Pontevedra (26,6%), Ourense (21,28%) e, finalmente, Lugo cun 8,28% sobre o total. O obxectivo é rematar administrativamente todas estas zonas na actual lexislatura e decretar outras 31 novas áreas de reestruturación parcelaria para seguir potenciando o sector agrario e mellorar as vías de comunicación, non só para as leiras, senón entre poboacións o que supón maior dotación de servizos básicos que potencian a calidade de vida no rural.

A reestruturación parcelaria é fundamental para o despegue socio-económico do agro galego, posto que permite a redimensionamento das explotacións facéndoas máis rendibles e abaratando os custos de produción ao incrementar a súa base territorial. Así, pasouse dunha media de 1.231,8 m² de superficie nas parcelas antigas a 5.832,5 m² de cada nova leira, o que supuxo un incremento da superficie dun 373,49%. Isto redonda directamente en beneficio dos propietarios que poden dispoñer de terreos axeitados para traballar e sacarlle rendemento.

Cohesión territorial

A reestruturación parcelaria é unha das 23 medidas que conforman o Plan de fixación de poboación no medio rural, presentado polo departamento que dirixe Ángeles Vázquez hai dúas semanas. En concreto, no eixo de cohesión territorial hai un orzamento previsto de 72 millóns de euros, dos cales 26,9 millóns pertencen a este Plan de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.